



MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 14/11/2015

Na vila de Vimianzo, ás once horas do día catorce de novembro de dous mil quince, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ao obxecto de levar a cabo a sesión extraordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde
D. Fernando Mancebo Amigo
D^a. María José Ramos Rey
D. José Trillo Lema
D^a. Marta Rey Lema
D. José Antonio Vidal Mira
D^a. María Élida Pequeño Lorenzo
D. Anselmo Ramos Martínez
D^a. Mónica Rodríguez Ordoñez
D. Mario Andújar Mouzo
D. José Manuel Rodríguez Blanco
D^a. Raquel Rodríguez Amigo
D^a. Paula Mouzo Maceiras

Secretaria acumulada: D. ^a Rocío Hermida Cancela

Interventor accidental.: D. José Domingo Rodríguez Ferreira, en virtude de Resolución da Alcaldía núm.1330/2014, de data 16/10/2014

En primeiro lugar o Sr.alcalde explica que o motivo do carácter extraordinario desta sesión plenaria débese a que se pretende a modificación de ordenanzas fiscais que teñen o seu período de devengo anual e polo tanto deben de entrar en vigor a partir do un de xaneiro e sinala que nese sentido se xustifica por cuestión dos prazos.

A continuación presenta a secretaria acumulada, e explica que é titular da praza de secretaria do Concello de Cee e que vai asesorar durante a baixa da secretaria de Vimianzo.

De seguido, o Sr.alcalde manifesta que visto o que aconteceu na noite do día de onte en París, pide que se gardase un minuto de silencio en sinal de dor e repulsa ante este tipo de actuacións, de atentados.

Gárdase un minuto de silencio polos presentes nesta sesión plenaria.

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

1º. Aprobación *ope legis* da acta da sesión ordinaria celebrada o 26 de setembro de 2015.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á citada acta.



Ningún concelleiro/a formula observacións.

Queda aprobada a acta da sesión ordinaria celebrada o 26 de setembro de 2015.

2º.Modificación do tipo de IBI de natureza urbana.

O **Sr. alcalde** dalle a palabra a secretaria, que da lectura ao Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, do día 11 de novembro de 2015, que ditaminou favorablemente entre outros outros o seguinte acordo, que se transcribe literalmente:

"(...)1. Modificar o artigo 2 da ordenanza fiscal número 8 do Imposto sobre Bens Inmóbles, que quedaría: "O tipo de gravame do imposto sobre bens inmóbles aplicable aos bens de natureza urbana queda fixado no 0,50 por cento. O tipo de gravame do imposto sobre bens inmóbles aplicable ós bens de natureza rústica queda fixado no 0,30 por cento. O tipo de gravame do imposto sobre bens inmóbles aplicable ós bens de características especiais queda fixado no 1,30 por cento".

2. Modificar o artigo 4 da ordenanza fiscal número 8 do Imposto sobre Bens Inmóbles, que quedaría: "a) Quedarán exentos os bens inmóbles de natureza urbana que teñan unha cota líquida inferior ou igual a 3,00 euros.

b) Quedarán exentos os bens inmóbles de natureza rústica dun mesmo suxeito pasivo sitos neste municipio que teñan unha cota líquida agrupada segundo o previsto no artigo 77.2 da referida lei inferior ou igual a 3,00 euros."

3. Expoñer ao público o anterior acordo mediante anuncio que se insertará no taboleiro de anuncios municipal durante o prazo de 30 días hábiles, a contar dende o seguinte ao da publicación de dito anuncio no Boletín Oficial da Provincia, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas.

4. No caso de que non fosen presentadas alegacións ao expediente no prazo anteriormente indicado, o acordo entenderase definitivamente aprobado, sen necesidade de acordo plenario, de conformidade co artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de Marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais(...)"

A continuación intervén o **Sr. alcalde** que explica que se ten debatido moito nesta Corporación ao respecto do IBI neste últimos anos e se teñen levado iniciativas importantes para favorecer favorecer a implantación de todo tipo de actividades, como é a bonificación de explotacións de carácter agrogandeiro. E segue dicindo que visto que existe unha incertidume ao respecto de se o estado vai continuar ou non, para o ano, marcando o tipo de IBI en concellos como o noso, no que hai unha ponencia de valores dende o ano noventa e catro. Segue explicando que decidiron promover esta modificación, para estipular o tipo que se vai a aplicar no imposto de bens de natureza urbana e, que nese sentido, ao respecto do que ven sendo os últimos anos, propoñen unha baixa dun punto que significa unha baixa dun dezasete por cento, que entenden que non vai a afectar para nada ao equilibrio económico do concello, no sentido de ter os recursos suficientes para poder atender os servizos que prestan e tendo en conta tamén que por parte do ministerio de facenda se levou a cabo tamén unha regularización catastral onde se inscribiron unha boa cantidade de bens que antes non estaban e que polo tanto unha cousa coa outra compensarían un equilibrio financeiro no concello de Vimianzo para poder adoptar esta medida. Sinala que esto é o que propoñen e tamén outro tema que é que nos bens de natureza rústica se agrupe a suma do imposto, de tal xeito, que exista un mínimo para que non se pase o



recibo de tres euros con indiferencia de que fose individual, cun sentido, xa que entenden que así como no catastro de urbana, os bens maioritariamente están perfectamente definidos e incluso os seus titulares, no que é o catastro de rústica existe unha gran cantidade de irregularidades e existen bens que están a nome de titulares que non se corresponden, en cantidades moi importantes e di que quen mais e quen menos ten coñecemento diso e sinala que así o comprobamos moitas veces. Segue dicindo que entenden que isto é unha forma de que a xente tivera coñecemento da situación das súas propiedades rústicas, se están ben catastradas ou non, e que cando dí ben catastradas non se refire só ao nivel de superficie ou a nivel de descrición de tipo de solo senón precisamente a nivel de titularidade porque sinala que hai moitos bens rústicos que aparecen a nome de titulares distintos dos que son na súa realidade e sinala que entenden que ese é o efecto que queren provocar máis ca outro, pois os efectos recaudatorios sería ínfimo.

A continuación dalle a palabra a Sra.concelleira do grupo mixto, **Sra.Mouzo Maceiras**, que manifesta que neste caso van estar ao favor dende o partido socialista a esta baixa de impostos, e espera que acepten dita baixa dende o goberno central e tamén lle pide ao Sr.alcalde, que cando sexa posible,nalgún momento, dende que acepten esta baixa, se poida baixar a 0,45 como estaba no 2011, polo ben dos veciños.

O **Sr.alcalde** dalle a palabra a Sra. concelleira do grupo mixto, **Sra. Rodríguez Amigo**, que comeza dicindo que esta é unha carta que facenda remitiu a todos aqueles concellos que cumpriran os requisitos de regularización catastral e se inscribirán todos os inmobles podían volver a recuperar o tipo de gravame que tiñan antes de que se aplicara o 0,60.Segue dicindo que é unha carta que o concello debio recibir fai un ou dous meses para poder facelo. Continua dicindo que se se poida recoller o tipo de gravame quere dicir que se pode volver ao 0,45 e entón di que non entende moi ben se pode volver ao 0,45 do imposto porque se fai ao 0,50, pois sinala que se está baixando respecto ao que había pero se está subindo con respecto ao que xa existía no concello, dí que están baixando do 0,60 ao 0,50 pero que se está subindo un 0,05 con respecto ao que se podería aplicar. Prosegue dicindo que incide en iso porque se facenda o permite, que é unha medida estatal, que non é un tema que se propoña aquí,porque di que se viu esta semana en prensa que o concello de malpica tamén o baixou, o concello de santiago intentou subilo pero gracias á oposición ao final tivo que baixalo, e di que é un tema que se está dando en moitos concellos non só en Vimianzo e di que o seu sería que cumprira o tipo de gravame existente antes do 0,60.Tamén pregunta porque non se fixo antes cando xa hai coñecemento de que se podía facer e agora hai que facelo con tanto motivo de urxencia cos días moi contados para que dea tempo para que se aplique para o 2016.

A continuación intervén o Sr.concelleiro do grupo mixto, **Sr. Rodríguez Blanco**, logo de que lle dea a palabra o Sr.alcalde e manifesta que se remite as palabras dos seus compañeiros, e dille ao Sr. Alcalde que se poden, e que segundo dí o Sr.Alcalde, economicamente non vai a repercutir aos servizos que están prestando, se se pode baixar ao 0,45, cree que sería importante. Sigue dicindo que cree que se está vivindo, ademáis da xente en xeral, o problema gravísimo nesta comarca co tema dos labradores, e di que por sorte traballa moito para eles, e indica que en verdade, están mal, uns que non cobran outros que poden cobrar, uns que teñen que ir á xustiza, e cre que isto sería un respiro inda que fora pequeno baixar do 0,50 ao 0,45 axudarían un pouco a eses labradores que pola súa parte todos están dispostos a axudalos nun momento delicado para eles e que en xeral para a xente do pobo, porque dí que quen máis e quen menos anda xusto.



Finaliza dicindo que neste caso vai a apoiar a proposta pero que lle pediría que se é posible baixar ao 0,45.

O Sr. alcalde, dalle a palabra a concelleira de IxV, **Sra. Rodríguez Ordoñez**, que sinala que quere facer varios matices, indica que descoñece se este concello recibiu algún escrito onde a facenda, neste caso se pronunciara, pero fixera ou non o fixera, se non o fixo están tratando de buscar unha solución que a primeira vista parece que é positiva, porque é unha redución, e sinala que eles dende logo son os primeiros que están a favor disto. Pero segue dicindo, que lle preocupa e que se non tiveron ningún comunicado, e que si non se sabe o que vai pasar a trinta de decembro non deberíamos facer antes un pleno extraordinario, unhas comisións informativas, todo a correr, e sinala que os motivos están claros, para que entre en vigor o un de xaneiro, cre que o poideron facer antes, porque se non teñen esa proposta do goberno non se sabe ese real decreto de 2012 se vai prorrogar ou non, se nos estamos metendo nuns gastos que descoñecemos, pero se queremos arriesgarnos, porque dí que loxicamente merece a pena no sentido de conseguir unha redución, cre que por parte do goberno hai unha irresponsabilidade, de non facelo con máis antelación, para facelo nun pleno ordinario, con mais tempo e poder ver.

Segue dicindo que por outra parte, que levan reclamando xa dende a lexislatura anterior e que por parte de IxV, se presentaron varias mocións, que pedían diversas modificacións e demais, e segue dicindo que se era un tema que lle podían meter culpa ao goberno e agora o goberno vai permitir esta liberdade porque se cumpren cos requisitos, pregunta porque non se volve e non se ten o mesmo gravame que se tiña en 2011. Segue dicindo que cre que naquel momento o concello sobrevivía podía manterse nos gastos, que considera que máis ou menos están liñales e que nestes momentos nas casas seguen sendo difíciles. Segue dicindo que se o Sr. alcalde é responsable coas súas palabras con todo o que criticou esta orde do goberno dí que cree que deberíase manter no 0,45, toda vez que se está baixando un 0,10 pero non se está tendo o mesmo gravame que no 2011 como realmente merecen os veciños. Prosegue dicindo que non entende porque ese 0,05 e que é certo que están falando dun importe pero nuns valores de cen mil euros estase falando dun recibo 50 euros e di que lle gustaría que reflexionase e este proceso, que oxalá a un de xaneiro así poida ser, que se estea aplicando a un de xaneiro pero fora un 0,45 e non un 0,50 e dí que esto non o pode vender o sr. Alcalde como unha redución do 17 %, pode falar dun 17% de redución sobre os últimos catro anos pero non sobre o gravame que tiña o concello e di que o goberno debería analizar isto e para falar de redución e baixa no IBI, deberían falar de 0,45.

A continuación o Sr. alcalde dalle a palabra ao portavoz do BNG, **Sr. Mancebo Amigo**, que dí que a realidade e que a medida lle vai supoñer aos veciños un aforro duns 200.000 euros anuais, e un aforro na lexislatura de 800.000 mil euros para os veciños de Vimianzo, a baixa sobre o custo definitivo é dun 20% porque para un valor catastral de 100.000 euros pagaba 600, e vai pasar pagar para o ano, 500, co cal o 20 % de 500, son 100, o que aforran os veciños é un 20% con respecto ao coste definitivo dos recibos e di que a realidade e que estudaron os 93 concellos da provincia da Coruña, que son datos que se poden sacar de estatísticas, e dubida que a partir desta reforma exista un Concello na provincia da Coruña que teña un IBI máis baixo que Vimianzo, porque hai que ter varios factores cando se estuda o IBI, o tipo simplemente é un parámetro que se utiliza pero tan importante como o tipo é a ponencia de valores, é dicir, a forma na que se calculan os datos para determinar o valor catastral, no caso de Vimianzo de 1994, polo que dí que



temos unha ponencia de valores de fai máis de 20 anos, cando a maior parte dos concellos da comarca, incluso con tipos impositivos superiores, tiveron a revisión de valores á que se refería a concelleira do partido popular. Prosegue explicando que é certo, que se pode aplicar incluso o 0,4, pero para iso sinala que terían que facer unha revisión de valores, volver a facer unha ponencia, evidentemente cos valores superiores aos actuais, e iso suporía, subirlle o recibo a todos. Segue dicindo que sí, que houbo concellos como o caso de Malpica que comentaban antes, pero dí que o concello de Malpica que estableceu un 0,49, un 0,50 e que ten unha ponencia de valores do ano 2005/2006, pero moito máis actualizada ca nosa, o prezo por metro cadrado que determina esa ponencia, é superior, e dí que no noso caso, como dicía o Sr. alcalde, o que procuramos, e tamén porque non o fixemos antes, porque dille que como saben no procedemento de regularización, que se levou a cabo durante este ano, o procedemento polo que se deron de alta, unha serie de construcións que todavía non estaban tributando tampouco ata o mes pasado, concretamente, non lles deron datos aproximados do que iso supoñía, e que tiveron que esperar para saber se ían recaudar máis por esa vía para saber o que poderían compensar aos veciños. A recaudación definitiva vai ser mesma pero semembargo isto vai a supoñerlle un aforro de 200.000 euros con respecto ao que se estaba pagando sen que como dicía o alcalde nos acarrae ningún tipo de problemas en canto ao equilibrio financeiro do concello. En catastro durante estes anos fixéronse distintos procedementos, un procedemento de regularización, que foi o que se aplicou en Vimianzo, que consistiu en dar de alta, aquelas construcións que non estaban, existe un procedemento de revisión que suporía establecer un convenio coa axencia tributaria donde evidentemente contraría unha empresa e revisarían tal vez todos os valores, pero di que as ponencias que se aplican, o que se pode consultar, son superiores ás actuais, e dicir, en vinte anos por moita crises que houbese da construción, o valor definitivo non vai ser inferior ao valor que se tiña fai vinte anos, co cal se solicitan a revisión os valores van aumentar para todos, e incluso hai outra cousa que é a actualización vía a aplicación dos coeficientes do IPC que tamén moitos concellos están facendo iso, que consiste en coller o valor catastral do ano anterior e aplicarlle, un coeficiente e di que rechazaron a revisión e a aplicación do IPC, porque consideraban que con esta regularización non todo pero a practica totalidade dos bens urbanos de Vimianzo xa quedan rexistrados coas recaudacións e incorporacións, e sinala que fixéron máis ou menos os cálculos e a nova base catastral de todos os valores polo que comentan dende xerencia de catastro están aproximadamente en 200 millóns de euros, e un punto que rebaixaron supón un aforro de 200 mil euros con respecto ao que se estaba tributando por iso cre que é unha medida interesante e na medida que se continúe con distintos procesos de regularización, revisión, chegará un momento que nos diran cal é, porque se levan 20 anos sen facer actualización dos valores e sinala que en determinado momento se iso se produce habería que plantear dentro das nosas competencias volver a rebaixar o tipo e por último dí que esas son as explicacións.

A **Sra. Rodríguez Amigo** dí que ten unha replica e o Sr. alcalde di que hai un segundo turno.

Intervén a **Sra. Rodríguez Amigo** dicindo que está totalmente de acordo con toda a exposición que fixo o Sr. Mancebo Amigo, no tema de catastro en todo o que explicou pero di que non contestou a pregunta, que esta moi ben pero incluso nos dí que incluso agora di que incorporaron máis inmobles en catastro co cal a recadación do concello ten inmobles que antes non tiña e tal pero dí que o que están preguntando non é pola lei do catastro, o tipo aplicable, como se calculan os valores, que é unha ponencia, de que ano é a ponencia; di que non se está



preguntando nada diso senón que están preguntando que se facenda deixa recuperar o tipo que había antes da subida do 0,60 pola crise económica porque non se baixa ao 0,45, porque se baixa ao 0,50 porque se recauda máis hai mais inmobles catastrados hai mais recadación polos inmobles porque se baixa un punto e non se baixa a onde se estaba a 0,45 porque iso supón un incremento con respecto 2011 dun 0,05, que sinala que está moi ben pero que entende perfectamente toda a exposición que fixo e sinala que daría para falar horas e horas o tema de catastro e ponencia de valores, regularización catastral revisión catastral e todo o que sabemos todos aquí, pero dí que a pregunta é esa, que xa que se propón unha baixada do tipo de interese, porque facenda o permite e permite volver ao tipo de gravame que había no 2011, porque non se volve a ese tipo de gravame.

A **Sra. Rodríguez Ordoñez**, dí que na mesma liña, dí que están aproveitando o que aplicou o goberno de maneira forzosa, algo que o grupo de goberno criticou durante os últimos catro anos e se era o motivo do goberno e se o goberno nos vai deixar liberdade como se fala dunha redución dun 17% dun 20%, dí que non o pode entender, dí que están falando de que se esta incrementando o tipo de gravame en relación a cando tiñamos esa liberdade, 2011, dí que se falan dunha redución alomenos e sobretudo recoñecendo iso que acaba de dicir o portavoz do BNG onde claramente nos di que agora houbo unha regularización, e dí que ese incremento nas arcas o concello vaise a notar. Prosegue dicindo que se manteña un 0,45 e que xa vai ser superior a 2011 o cal vamos poder seguir sobrevivindo da mesma maneira e que para falar de redución e poder manterse en 2011, dí que se fale de 0,45 e non de 0,50.

O **Sr. Mancebo Amigo** dí que lle pode explicar de moitas maneiras e ao largo destes catro anos, dí que explicaron moitas cousas e non quixeron entenderlles e dí que despois falamos os veciños nas urnas, a portavoz do partido popular dilles que non e critica e que lle pregunte o resto dos seus alcalde que hai comarca, na provincia e que lle expliquen porque teñen un IBI mais caro ca Vimianzo, e dille que non hai unha resposta que darlle, que evidentemente, non hai máis que ir a Coristanco, cun 0,45 establecido polo partido popular, fai dous anos ou tres; Cee cun 0,50, establecido pola anterior alcaldía do partido popular.

Interrompe a **Sra. Rodríguez Amigo** e preguntalle que pasou en Santiago onte.

O **Sr. alcalde** pide orde.

O **Sr. Mancebo** continua dicindo que Ponteceso ten un 0,55 establecido polo anterior alcalde do partido popular; Santa Comba, 0,50 e así un mais un en toda a provincia e dille que o pode explicar pero que sinceramente non o vai facer, e dille que se acerque aos seus alcaldes e que llo explica. Á portavoz de IxV dille que poden facer moitas cousas, que poden ir a un modelo dun guiñón Zas, que eliminan a policía local e aforran 150.000 euros.

A continuación interveñen á vez varios concelleiros e non se entende o que dín polo que se fai imposible a transcripción.

O **Sr. alcalde** pide orde.

O **Sr. Mancebo** di que neste concello se cargaron determinados servizos cun exceso de plantilla, dille que non o quere entender pero que é unha auténtica realidade e que teñen que ter uns impostos porque alguén se encargou de cargar unha plantilla e que eso provoca uns gastos que se teñen que pagar, e evidentemente por iso teñen que ter uns impostos e dille que lle



gustaría que viñera cun exemplo dun concello que ten os mesmos servizos que Vimianzo e cobra menos de IBI e di que non existe ningún concello que teña un IBI mais baixo que Vimianzo e que oferte os mesmos servizos. Prosegue dicindo que os datos están ahí e di que non os inventa, que non hai ningún concello e que algún que pode estar en 0,45 ten unha ponencia de valores de 2012 ou 2013 e dicir comelle medio punto menos pero vaille sair mais caro porque o valor catastral da casa en vez de 30 e de 50 mil e di que esa é a explicación a realidade e que os veciños van a aforrar 200 mil euros con respecto ao ano anterior, ao anterior, e son 800 mil euros na lexislatura, e unha xestión por parte deste concello foi establecer que tributasen todos, porque a maior parte falta que se fara nunha ultima fase, precisamente unha incorporación ao padrón de todos aqueles que non estaban tributando foi a que permite agora cobrar menos a quen estaba pagador e que tributen aqueles que non estaban tributando pero di que evidentemente, a parte, de ser unha medida de xestión, di que cre que é de xustiza que tributen todo mundo. Conclúe dicindo que o aforro é de 800 mil euros na lexislatura para os veciños e veciñas de Vimianzo, con esta medida e van notalo en novembro e que espera que o goberno que saia da xunta non lle obrigue a non adoptalo pero di que a vontade deste goberno é esta.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por once votos a favor (BNG: Sr. alcalde, Sr. Mancebo Amigo, Sra. Ramos Rey, Sr. Lema Trillo, Sra. Rey Lema, Sr. Vidal Mira, Sra. Pequeño Lorenzo, Sr. Ramos Martínez; Grupo Mixto: Sr. Rodríguez Blanco, Sra. Rodríguez Amigo e Sra. Mouzo Maceiras), dúas abstencións (IXV: Sra. Rodríguez Ordoñez e Sr. Andujar Mouzo) e ningún voto en contra; aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos.

3º.-Modificación da ordenanza fiscal número 2 reguladora da taxa pola recollida de lixo.

O **Sr.alcalde** dalle a palabra a esta secretaría, que procede a lectura do ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, do día 11 de novembro de 2015, que ditaminou favorablemente entre outros o seguinte acordo, que se transcribe literalmente:

"(...)1. Modificar o artigo 7 da ordenanza fiscal número 2 Reguladora da Taxa pola recollida de lixo no que se refire ao epígrafe "despachos profesionais e aseguradoras", que quedaría do seguinte xeito: "Oficinas de empresas, despachos profesionais e aseguradoras"

2. Expoñer ao público o anterior acordo mediante anuncio que se insertará no taboleiro de anuncios municipal durante o prazo de 30 días hábiles, a contar dende o seguinte ao da publicación de dito anuncio no Boletín Oficial da Provincia, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas.

3.No caso de que non fosen presentadas alegacións ao expediente no prazo anteriormente indicado, o acordo entenderase definitivamente aprobado, sen necesidade de acordo plenario, de conformidade co artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de Marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (...)"

O **Sr. Alcalde** di que esta é unha modificación sustancial que unicamente trata de recoller unha actividade existente e cunhas características propias e que non aparece nos epígrafes e di que entenden que a actividade similar a ese epígrafe, é xestorias e despachos profesionais, e explica que o único que se fai e incorporala ahí.



Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as 11:24 horas, a presidencia remata a sesión e eu redato esta minuta-borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o 14 de novembro de 2015.

Documento firmado digitalmente CVD: lI,mvqW6dYxvTFaE9Gs4K
GN=NOMBRE ANTELO PAZOS MANUEL - NIF 52432258D OU=703013342, OU=fmmt clase 2 ca, O=FNMT, C=es
GN=HERMIDA CANCELA ROCIO - 32799516K GIVENNNAME=ROCIO SURNAME=HERMIDA CANCELA SERIALNUMBER=32799516K C=ES
El documento consta de un total de 8 paginas. Pagina 8 de 8